

Árbores e formacións senlleiras da contorna dos Ancares e do Courel

Monografías do IBADER - Serie Cadernos da Estación Científica do Courel 3

José Gaspar Bernárdez Villegas
Antonio Rigueiro Rodríguez



Árbores e formacións senlleiras da contorna dos Ancares e do Courel

Autores:

José Gaspar Bernárdez Villegas
Antonio Rigueiro Rodríguez

A efectos bibliográficos a obra debe citarse:

Bernárdez, J. G, Rigueiro, A., (2021). Árbores e formacións senlleiras da contorna dos Ancares e do Courel. Monografías do Ibader - Serie Cadernos da Estación Científica do Courel 3. Ibader. Universidade de Santiago de Compostela. Lugo

Esta publicación foi sometida a un proceso de revisión por pares

Deseño e maquetación: Transmedia Comunicación e Prensa S.L.
www.transmedia.com

ISSN edición dixital: 1988-8341

Depósito Legal: C 173-2008

Edita: IBADER. Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural. Universidade de Santiago de Compostela, Campus Universitario s/n, E-27002 Lugo, Galicia

Copyright: Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER).

Editado coa colaboración de



Árbores e formacións senlleiras da contorna dos Ancares e do Courel

José Gaspar Bernárdez Villegas*

Antonio Rigueiro Rodríguez**

*** Doutor en Investigación Agraria e Forestal.
Consultor independente**

**** Catedrático da Escola Politécnica Superior de
Enxeñaría (USC)**



IBADER
Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural

**Monografías do IBADER - Serie Cadernos da Estación Científica do Courel 3
Lugo 2021**

Monografías do IBADER

Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural

Temática e alcance

O Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) é un instituto mixto universitario, situado na cidade de Lugo e conformado pola Universidade de Santiago de Compostela, as Consellerías da Xunta de Galicia con competencias en Medio Ambiente e Medio Rural e a Deputación de Lugo.

Unha das actividades do IBADER é a publicación e difusión de información científica e técnica sobre o medio rural desde unha perspectiva pluridisciplinar. Con este obxectivo publícanse a revista Recursos Rurais e as Monografías do IBADER, espazos orientados a fortalecer as sinerxías entre colectivos vinculados ao I+D+I no ámbito da conservación e xestión da Biodiversidade e do Medio Ambiente nos espazos rurais e nas áreas protexidas, os Sistemas de Producción Agrícola, Gandeira, Forestal e a Planificación do Territorio, tendentes a propiciar o Desenvolvemento Sostible dos recursos naturais.

A Revista científico-técnica Recursos Rurais publica artigos, revisións, notas de investigación e reseñas bibliográficas. A revista inclúe unha Serie Cursos, que publica os resultados de reunións, seminarios e xornadas técnicas ou de divulgación. As Monografías do IBADER divulgan traballos de investigación de maior entidade, manuais e textos de apoio a docencia ou investigación e obras de divulgación científico-técnica.

A revista Recursos Rurais atópase incluída na publicación dixital Unerevistas da UNE (Unión de Editoriales Universitarias Españolas) e na actualidade inclúese nas seguintes bases de datos especializadas: CIRBIC, Dialnet, ICYT (CSISC), Latindex, Rebiun e REDIB.

Política de revisión

Todos os traballos publicados polo IBADER deben ser orixinais. Os traballos presentados serán sometidos á avaliación confidencial de dous expertos anónimos designados polo Comité Editorial, que poderá considerar tamén a elección de revisores suxeridos polo propio autor. Nos casos de discrepancia recorrerase á intervención dun terceiro avaliador. Finalmente corresponderá ao Comité Editorial a decisión sobre a aceptación do traballo. Caso dos avaliadores propoñeren modificacións na redacción do orixinal, será de responsabilidade do equipo editorial –unha vez informado o autor– o seguimento do proceso de reelaboración do traballo. Caso de non ser aceptado para a súa edición, o orixinal será devolto ao seu autor, xunto cos ditames emitidos polos avaliadores. En calquera caso, os orixinais que non se suxeiten ás seguintes normas técnicas serán devoltos aos seus autores para a súa corrección, antes do seu envío aos avaliadores.

IBADER
Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural
Universidade de Santiago de Compostela
Campus Universitario s/n
E 27002 Lugo, Galicia (España)
Tfno 982 824500
Fax 982 824501
<http://www.ibader.gal>
info@ibader.gal

Limiar

Esta monografía sobre as árbores senlleiras da contorna das serras dos Ancares e do Courel, que se encadra na serie de Cadernos da Estación Científica do Courel, constitúe un bo exemplo de traballo de investigación e divulgación do patrimonio natural da nosa provincia.

Nas serras dos Ancares e do Courel destaca unha litoloxía caracterizada pola presenza de lousas, xistos e cuarcitas, entre as que se intercalan estratos calcarios, moi escasos no resto de Galicia. Sobre estes substratos aséntase unha importante biodiversidade vexetal, pois arredor do 45 % das especies de plantas vasculares de Galicia están citadas nestas montañas, nas que están presentes bosques como as carballeiras, reboleiras, soutos, aciñeirais, sobreirais, faiais, bidueirais, abeledos, acebedas e teixedais, nos que medran árbores centenarias que son verdadeiros monumentos naturais. Todo un patrimonio que debemos conservar para que poidan gozalos as xeracións que nos sucederán, pero que tamén debemos divulgar e poñer en valor, xa que é un recurso turístico máis.

Na obra á que vai destinado este limiar recóllense 31 árbores senlleiras das serras dos Ancares e do Courel e da contorna. Doce destas árbores están incluídas no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, sendo as demais exemplares senlleiros sen dúbida merecentes de formar parte do catálogo no futuro. En conxunto, constitúen unha representación importante dos monumentos vexetais do territorio estudado.

A Deputación de Lugo vén colaborando coa Universidade de Santiago de Compostela e coa Estación Científica do Courel no estudo das árbores senlleiras das montañas orientais da provincia de Lugo. Un estudo que busca a aplicación práctica no desenvolvemento de plans de turismo sostible.

Os traballos de catalogación da biodiversidade e de elementos singulares da mesma, como son as árbores senlleiras, constitúen unha fonte de coñecemento e de divulgación do noso patrimonio natural, e resultan tamén imprescindibles para os responsables públicos como punto de partida para garantir a sustentabilidade do medio ambiente, así como para definir e aplicar proxectos de xestión e desenvolvemento do territorio.

Non quero atrasar máis o momento de que o lector ou lectora comece a gozar do contido desta publicación, pero non sen antes felicitar á autoría polo traballo realizado. A súa investigación incrementa o noso coñecemento e apórtanos unha ferramenta para deseñar iniciativas de desenvolvemento para o rural que poden contribuír a xerar riqueza e fixar poboación no Courel. Coñecemento, desenvolvemento e equilibrio territorial son obxectivos prioritarios para a provincia de Lugo cos que a Deputación de Lugo seguirá comprometida.

José Tomé Roca
Presidente da Deputación de Lugo

Limiar

O Campus Terra da Universidade de Santiago de Compostela (USC) conta cun centro singular en Seoane do Courel, a Estación Científica do Courel, cuxos obxectivos principais son apoiar a docencia de niveis preuniversitarios e universitarios e a investigación no ámbito das montañas orientais galegas en xeral e lucenses en particular, así como servir de instrumento dinamizador da socioeconomía da bisbarra, facilitando as súas instalacións ás institucións, entidades locais e asociacións para realizar distintas actividades e, en particular, contribuír ao desenvolvemento comarcal e á mellora do nivel de vida da poboación rural mediante a realización de actividades formativas enfocadas ao manexo das tecnoloxías da información e a comunicación, o fomento do uso sostible dos recursos naturais e a formación en materias específicas vinculadas coa produción, transformación e comercialización de produtos agrícolas, gandeiros e forestais de orixe local.

A difusión da ciencia e da técnica por distintas canles é unha importante misión da USC, e polo tanto tamén da Estación, que, entre outras actividades neste eido, creou a serie de publicacións que leva por título CADERNOS DA ESTACIÓN CIENTÍFICA DO COUREL.

O terceiro caderno que ve a luz leva por título «**Árbores e formacións senlleiras da contorna dos Ancares e do Courel**», e céntrase na identificación e estudo dos monumentos vexetais dese territorio, uns xa incluídos no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras e outros aínda non. Nas comarcas dos Ancares e do Courel consérvanse os mellores bosques naturais que chegaron aos nosos días, polo norte é importante a presenza de arboredos eurosiberianos, como carballeiras de carballo pedunculado e carballo albar, faiais ou bidueirais, pero polo sur penetra a influencia mediterránea e podemos contemplar bosques mediterráneos, como aciñeirais ou sobreirais. Todos eles aportan exemplares destacados pola súa idade e dendrometría e nesta obra ofrecemos unha escolma dos mesmos, un patrimonio natural que é necesario coñecer, divulgar e por en valor, pois constitúe un atractivo turístico máis destes lugares que son xenerosos en valores naturais, pero que, sen dúbida, debemos conservar para que poidan gozalo tamén as xeracións que nos sucederán.

Despois de sinalar o que entendemos por árbore ou formación senlleira analízase o papel dos monumentos vexetais destas serras e da súa contorna ao longo da historia da catalogación dos mesmos en Galicia e ofrécese información detallada das 12 árbores/formacións incluídas na actualidade no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, e tamén de outras 8 que consideramos merecentes de formar parte do catálogo, 3 das cales xa foron propostas. No último apartado inclúense 11 exemplares non documentados ata o momento, como sinal inequívoca de que con un traballo de campo exhaustivo encontraranse seguramente novas árbores e formacións senlleiras nestas serras.

Esta publicación non sería posible sen o apoio económico da Deputación de Lugo a traveso dun convenio de colaboración coa USC para desenvolver o micoturismo no xeodestino Ancares-Courel. Dende aquí queremos agradecer á institución provincial o seu importantísimo apoio ao Campus Terra en xeral e á Estación Científica do Courel en particular.

Lugo, 10 de maio de 2021

Montserrat Valcárcel Armesto
Vicerreitora de Coordinación do Campus de Lugo (USC)

Índice

RESUMO	9
RESUMEN	9
1. INTRODUCCIÓN	11
2. E NÓS, QUE CONSIDERAMOS COMO ÁRBORE SENLEIRA?	13
3. GALICIA COMO BERCE DE ÁRBORES SENLEIRAS	15
4. AS ÁRBORES E FORMACIÓNS SENLEIRAS DAS SERRAS DE ANCARES E COUREL NA HISTORIA DA CATALOGACIÓN EN GALICIA	21
5. ÁRBORES E FORMACIÓNS SENLEIRAS RECOLLIDAS NA ACTUALIDADE NO CATÁLOGO GALEGO DE ÁRBORES SENLEIRAS NA CONTORNA DAS SERRAS DE ANCARES E COUREL	43
5.1. Pradairo da Igrexa de Vilarpandín (Cód. 2A)	44
5.2. Castiñeiro do Val da Fonte (Cód. 19A)	46
5.3. Camecíparis de Lawson da Casa da Puebla (Cod. 30A)	48
5.4. Ciprés Mediterráneo da Capela do Salvador (Cód. 41A)	50
5.5. Plátano de Sombra do Pazo de Dompíñor (Cód. 72A)	52
5.6. Carballo Albar da Praza do Campo de Quindous (Cód. 74A)	54
5.7. Rebolo da Praza do Campo de Quindous (Cód. 75A)	56
5.8. Sobreira da Casa do Tristo (Cód. 96A)	58
5.9. Carballo de Cabanavella-I (Cód. 135A)	60
5.10. Carballo de Cabanavella-II (Cód. 136A)	62
5.11. Teixo de Cereixido (Cód. 143A)	64
5.12. Souto da Rubial (Cód. 37F)	66
6. OUTRAS ÁRBORES SENLEIRAS DAS SERRAS DE ANCARES E COUREL E SÚA CONTORNA	69
6.1. Pradairo do Hospital do Incio	70
6.2. Bidueiro da Devesa da Escrita	72
6.3. Freixo de folla estreita de Vilamor	74
6.4. Acivro de Leizán	76
6.5. Rebola de Paderne	78
6.6. Rebolo da Pedreira de Valdastrelas	80
6.7. Carballo de Rendar	82
6.8. Sofreiro de Froxán	84
6.9. Sofreiro de Tralasofoeira	86
6.10. Teixo dos Sete Homes	88

6.11. Teixo da ermida de Vilarbacú	90
6.12. Pradairo do Bosque de Cabanavella	92
6.13. Acivros de Cabanavella	94
6.14. Carba de Cabanavella	96
6.15. Carballo do Avesedo de Donís	98
6.16. Capudre do Bosque de Cabanavella	100
7. AGRADECIMENTOS	103
8. BIBLIOGRAFÍA	105
9. ESPECIES CITADAS NO DOCUMENTO	109

Resumo

Esta monografía da serie CADERNOS DA ESTACIÓN CIENTÍFICA DO COUREL céntrase no estudo das árbores e formacións senlleiras das serras dos Ancares e do Courel e da súa contorna, un patrimonio natural que se debe conservar e tamén por en valor, pois constitúe un atractivo turístico máis desta comarca que é xenerosa en valores naturais. Despois de analizar o que entendemos por árbore ou formación senlleira analízase o papel dos monumentos vexetais destas serras e da súa contorna ao longo da historia da catalogación dos mesmos en Galicia e ofrécese información detallada das 12 árbores/formacións incluídas na actualidade no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, e tamén de outras 8 que consideramos merecentes de formar parte do catálogo, 3 das cales xa foron propostas.

No último apartado inclúense 11 exemplares non documentados ata o momento, como sinal inequívoca de que con un traballo de campo máis exhaustivo novas árbores e formacións senlleiras serían atopadas nestas serras.

Resumen

Esta monografía de la serie CUADERNOS DE LA ESTACIÓN CIENTÍFICA DEL COUREL se centra en el estudio de los árboles y formaciones sobresalientes de las montañas de Os Ancares y Courel y su entorno, un patrimonio natural que hay que preservar y también poner en valor, por ser un atractivo turístico más de esta comarca generosa en valores naturales. Tras analizar qué entendemos por árbol o formación sobresaliente, se analiza el papel de los monumentos vegetales de estas montañas y su entorno a lo largo de la historia de la catalogación en Galicia de los mismos y se proporciona información detallada de los 12 árboles/formaciones que actualmente se incluyen en el Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, y también de otros 8 que consideramos dignos de formar parte del catálogo, 3 de los cuales ya han sido propuestos.

En el último apartado se incluyen 11 ejemplares no documentados hasta la fecha, como señal inequívoca de que con un trabajo de campo más exhaustivo nuevos árboles y formaciones singulares serían halladas en estas tierras.

1. Introducción

Hai tempo que moitos países europeos preocupáronse de catalogar e estudar as súas árbores monumentais pero aínda non existe unha definición común para as mesmas (Cannizzaro, 2014). Regione Marche (1989) considera que as árbores senlleiras «...son parte del paisaje agrícola, grupos aislados o dispersos de robles, avenidas arboladas o robles monumentales, hileras de álamos, olmos, cipreses y otras especies, setos, formas de cultivos antiguos, árboles aislados en encrucijadas, árboles altos seculares de cualquier especie, los parques y jardines unidos a casas, iglesias, castillos y abadías, incluso cuando se trata de especies exóticas...». Segundo Asan (2017), as árbores monumentais teñen idade e dimensións extraordinarias con respecto á circunferencia, diámetro e altura, ou mostran imaxes interesantes provocadas polas formacións patolóxicas no seu tronco. Cannizzaro (2014) tamén inclúe aquelas que forman parte da historia local e o folclore, definíndoas como unha herdanza de valor inestimable, bens históricos e culturais, e monumentos naturais reais, á vez que considera que a presenza dunha árbore veterana e monumental é evidencia dunha longa relación entre humanos e lugares cheos de valor paisaxístico e estético, sendo importantes polos seus aspectos históricos, tradicións locais e o mantemento do equilibrio ecolóxico.

11

A literatura anglosaxona, sen establecer unha definición de árbore singular, fai bastantes diferenciacións en canto á clasificación de árbores monumentais. Helen Read (2000), define unha árbore vella como «Un árbol que debido a su edad, tamaño o condición, representa un interés biológico, cultural o estético». A Ancient Tree Guide (ATF, 2008) considera unha árbore vella «la que ha sobrepasado la madurez y es vieja, o añosa, en comparación con otros árboles de la misma especie». Doutra banda, segundo a actual guía práctica en uso no Ancient Tree Hunt (Owen & Alderman, 2008, citado en Lonsdale, 2013), unha árbore vella é a que reúne todas ou a maior parte das seguintes características: ter interese biolóxico, estético ou cultural, debido á súa avanzada idade; estar nunha etapa de desenvolvemento na que a árbore se describe como vella ou extramadura ou ter unha idade cronolóxica avanzada en relación con outros individuos da mesma especie. Ao tempo que introduce as seguintes definicións:

- Veterano: este concepto describe unha árbore que sobreviviu aos diversos rigores da vida e por tanto mostra signos de envellecemento, independentemente da súa idade. Para poder cualificala como veterana, a árbore debe mostrar signos de atrincheiramento de copa e de deterioración no tronco, ramas e raíces, como madeira morta á vista ou corpos de frutificación de fungos.
- Notable: as árbores que se inclúen nesta categoría son habitualmente moi grandes, pero poden non reunir os requisitos para ser clasificadas como vellas ou veteranas. As árbores notables definíronse como maduras e a miúdo magníficas, destacando nun ámbito local por ser máis grandes que outras árbores da súa contorna, definición que comparte a ATF (2008).
- Sobresaínte: este termo se reserva para a árbore máis alta ou con maior perímetro de tronco entre todas as árbores da súa especie no Reino Unido (ou nunha rexión determinada).
- Emblemática: poderían considerarse emblemáticas as árbores que respondan a calquera das descrições anteriores, xunto a outras con especial interese cultural ou histórico.

Os catálogos dalgunhas comunidades autónomas españolas inclúen algunhas definicións bastante similares. Así, o Catálogo de árbores e arboredas singulares de Aragón (Decreto

27/2015, do 24 de febreiro, do Goberno de Aragón), refírese ás árbores senlleiras como exemplares ou formacións vexetais, entendidas como grupos de árbores, que merezan un réxime de protección especial por presentar características que lles confiren un elevado valor como patrimonio natural relacionadas cos seguintes aspectos:

- a) Posuír, no contexto da súa especie, tamaño, forma, idade ou particularidades científicas excepcionais.
- b) Rareza por número ou distribución, así como polas particularidades do seu desenvolvemento ou a súa localización.
- c) Interese científico, cultural, histórico ou social relevante.

O catálogo de Castela e León (Orde MAM/1156/2006, do 6 de xuño) defíneos como exemplares de especies arbóreas cuxo valor monumental, histórico ou científico determine a súa integración no patrimonio cultural e natural de Castela e León.

O Catálogo de Árbores Monumentais e Flora Singular de Tenerife define «Árbore Monumental» como aquelas árbores de medidas espectaculares, idade considerable, singularidade botánica ou exemplares históricos, relacionados cun feito histórico destacable. Incluindo tamén as árbores, arbustos ou outros exemplares non arbóreos de máis de cen anos de vida.

12



Figura 1: Drago (*Dracaena draco*) de Icod de los Vinos (Tenerife). Quizais unha das árbores de maior relevancia no Catálogo de Árbores Monumentais e Flora Singular de Tenerife.

2. E nós, que consideramos como árbore senlleira?

O Decreto 67/2007, do 22 de marzo, da Xunta de Galicia crea o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, e no seu artigo 2 inclúe a seguinte definición: Terán a consideración de senlleiras as árbores e as formacións de calquera especie, tanto autóctona como foránea, situadas en terreos de propiedade pública ou privada, que sexan merecentes de medidas específicas de protección en atención ás excepciónais características do seu porte, dendrometría, idade, rareza, significación histórica ou cultural, interese científico, educativo, estético, paisaxístico ou calquera outra circunstancia que as faga merecentes dunha especial protección.

Parámetros que se teñen en consideración:

- **Morfoloxía, biometría e produtividade.**

- Morfoloxía e beleza: porte, textura ou arquitectura da parte leñosa, estrutura e colorido da follaxe.
- Dendrometría: dimensións destacadas (altura total, altura ata a ramificación, circunferencia normal e basal do tronco, diámetro da copa).
- Produción de madeira, cortiza, froitos, etc.
- Idade: valor relativo, en función da lonxevidade da especie.

- **Singularidade taxonómica, biolóxica, corolóxica, ecolóxica ou paisaxística.**

- Rareza taxonómica.
- Área reducida, distribución puntual ou área marxinal.
- Condición de endemismo, subendemismo, reliquia ou relicto.
- Especie ameazada.
- Exotismo da especie.
- Hábitat pouco habitual.
- Integración en paisaxe sobresaínte.

- **Valor histórico, cultural, relixioso, popular, simbólico ou didáctico.**

- Relación con eventos históricos.
- Vinculación co folclore e con eventos populares (feiras, festas, peregrinacións, etc.)
- Carácter simbólico.
- Presenza en obras artísticas.
- Citas literarias.
- Relación con bens de interese cultural.
- Integración en espazos naturais protexidos.

- **Valor científico.**

- Dendrocronoloxía.
- Árbores plus fonte de recursos fitoxenéticos.
- Importancia botánica.
- Lonxevidade e estratexias de supervivencia.
- Resistencia a pragas e enfermidades.
- Contribución á conservación da diversidade biolóxica animal.

3. Galicia como berce de árbores senlleiras

Galicia, e máis concretamente as Serras de Ancares e Courel e a súa contorna, é punto de encontro dos mundos florísticos eurosiberiano e mediterráneo, o que explica a presenza no seu territorio de bosques naturais caducifolios mesófilos, típicos da rexión florística eurosiberiana, como carballeiras, bidueirais, faiais, abeledas e outros bosques pluriespecíficos; perennifolios esclerófilos, característicos do dominio florístico mediterráneo, como aciñeirais e sobreirais; e de transición, entre os que os cerqueirais son os máis representados. As elevadas precipitacións que normalmente regan as terras galegas favorecen a formación de cursos de auga, polo que tamén son frecuentes os bosques azonais edafohigrófilos de ribeira, ameneirais, freixidos e salgueirais fundamentalmente. Outros tipos de comunidades arbóreas naturais, como os bosques de árbores con follas lauroides (de loureiro común, de érbedo, de acivro) ou os bosques aciculifolios de teixo teñen representación limitada e, ás veces, carácter relictico ou serial.

A secular deforestación diminuíu a superficie destes bosques, aos cales, segundo as leis da natureza, correspóndelles na actualidade o dominio da maior parte do territorio galego, quedando reducidos a árbores diseminadas, pequenos rodais ou illas de dimensións reducidas que se espallan por Galicia, sobre todo nas valgadas dos montes, e especialmente nas do nacente galego. Nestes bosques medran árbores lonxevas, que poden convertense en monumentos vexetais, como o carballo común (*Quercus robur*), o carballo albar (*Quercus petraea*), o cerqueiro (*Quercus pyrenaica*), a faia (*Fagus sylvatica*), a aciñeira (*Quercus ilex*), a sobreira (*Quercus suber*), ou o teixo (*Taxus baccata*), entre outras (Rigueiro Rodríguez, 2003; Bernárdez Villegas et al., 2019).

15



Figura 2: Loureiral (*Laurus nobilis*) da Illa de Cortegada (Vilagarcía de Arousa). Formación xurdida a partir da colonización do espazo polos loureiros das sebes das marxes dos cultivos despois da expropiación da illa a comezos do século XX (Bernárdez Villegas et al., 2011) (Imaxe cedida por Suso Framil).

Desde tempos antigos os habitantes da Galicia rural cultivaron variedades selectas de castiñeiros (*Castanea sativa*), creando en toda a rexión soutos mansos de castiñeiros, pois a madeira destas árbores, moi durable e resistente, éralles de gran utilidade, e os seus froitos, as castañas, foron durante moitos séculos unha fonte importante de hidratos de carbono na alimentación humana e do gando doméstico. Desde o último cuarto do século XIX comezaron a aparecer as primeiras repoboacións forestais por iniciativa da Administración Forestal do Estado, sobre todo en montes exceptuados das desamortizacións, sen moita transcendencia e con escasa presenza no territorio que estamos considerando. Doutra parte, as plantacións de piñeiros por iniciativa privada comezaron a tomar maior presenza na paisaxe forestal galega a finais do século XIX. A partir de entón o piñeiro comezou a ter importante presenza na paisaxe forestal galega, en detrimento doutras especies do país, como o castiñeiro, en regresión vítima naqueles tempos da enfermidade da tinta (Xunta de Galicia, 2016), enfermidade que prexudicou os soutos galegos, chegando aos nosos días representación destes ecosistemas de gran valor económico, ecolóxico, cultural e paisaxístico en comarcas do interior, de clima continental ou mediterráneo, circunstancias que limitan o desenvolvemento dos fungos que causan a doenza. É por iso que son as provincias de Lugo e Ourense as que contan con maior número de exemplares excepcionais de castiñeiro, árbore moi lonxeva, que pode ser varias veces centenaria e ata milenaria (Rigueiro Rodríguez, 2003; Bernárdez Villegas et al., 2019).

16

Desde fai centos de anos ata practicamente mediados do século XX, as formacións vexetais protagonistas da paisaxe forestal galega foron sen dúbida as matogueiras dominadas sobre todo por toxos, xestas, piornos, uces e queirogas, e extensos pasteiros, alternando periodicamente con cultivos sobre todo de cereias (Xunta de Galicia, 2016). Durante séculos o monte sen árbores era moito máis abundante que o arboredo, reducido este en boa parte a un monte baleirado para aproveitamento de froito de carballos, cerqueiros e castiñeiros con escasa densidade arbórea (Xunta de Galicia, 2016).

Sen embargo, desde mediados do século XVIII, época na que se realizou o Catastro do Marqués de la Ensenada, ata os nosos días a superficie de arboredo galega medrou de forma espectacular, debido fundamentalmente ás repoboacións forestais con especies arbóreas foráneas, entre as que adquiriron especial importancia o piñeiro do país (*Pinus pinaster*), o piñeiro insigne (*Pinus radiata*) e o eucalipto branco (*Eucalyptus globulus*). Nos montes galegos medran individuos destas especies de dimensións colosais e maxestoso porte (Rigueiro Rodríguez, 2003; Bernárdez Villegas et al., 2019), aínda que a especie máis empregada en repoboacións forestais nas Serras de Ancares e Courel foi, e sigue sendo, o piñeiro silvestre (*Pinus sylvestris*), máis adaptado ás duras condicións invernales destas serras, e que reparte a súa distribución, case a partes iguais, entre as provincias de Ourense e Lugo (Xunta de Galicia, 2016).

Os parágrafos anteriores explican a presenza en Galicia, e no catálogo galego de árbores senlleiras, de numerosos exemplares sobresaíntes en espazos naturais ou seminaturais, escasamente antropizados, como os carballos do Bosque de Cavanavella (Cervantes, Lugo), o Teixedal de Casaio (Carballeda de Valdeorras, Ourense), a Fraga de Catasós (Lalín, Pontevedra) ou os castiñeiros situados en soutos centenarios do sur da provincia de Lugo e do nacente da de Ourense, e tamén de exemplares monumentais de especies foráneas utilizadas nas repoboacións forestais.

Pero un elevado número de árbores autóctonas e exóticas de carácter sobresaínte medran nos pobos, vilas e cidades de Galicia: nos recintos destinados a feiras e festas, nas proximidades de edificacións de uso relixioso ou nos xardíns públicos e privados. As provincias da Coruña e Pontevedra, máis poboadas e con clima máis suave que as orientais, levan a palma neste apartado, sendo dignos de destacar, entre os xardíns públicos ou de propiedade pública, os de San Carlos e Santa Margarida na Coruña, o Pazo de Mariñán en Bergondo, o Paseo da



Figura 3: Souto da Retorta ou Eucaliptal de Chavín. Plantación de eucaliptos (*Eucalyptus globulus*) realizada en tres momentos diferentes, entre os anos 1880 e 1912. Na actualidade declarado Monumento Natural (Decreto 77/2000, de 25 de febreiro, da Xunta de Galicia) e incluído no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras (Decreto 67/2007).

Ferradura ou a Alameda do Campo da Estrela en Santiago de Compostela, o Xardín Histórico Artístico de Padrón, o Parque e Carballeira de Caldas de Reis, a Alameda, Paseo das Palmeiras e Pazo de Lourizán en Pontevedra, o Parque do Castelo de Soutomaior en Soutomaior, e o Parque e Pazo de Castrelos en Vigo, e entre os de propiedade privada o pazo coruñés de Santa Cruz de Rivadulla e os pontevedreses de Oca, de Torrecedeira, de Torres Agrelo e de Rubiáns (Rodríguez Dacal & Izco Sevillano, 1994).

A emigración a América, ás Indias, foi importante desde mediados do século XIX ata mediados do século XX, e moitos indianos que fixeron fortuna establecéronse, cando retornaron, en grandes mansións de característica arquitectura entre fermosos xardíns (Salinero *et al.*, 2018). Este feito é tamén destacado por López Lillo & Sánchez de Lorenzo-Cáceres (2006), cando afirman que «Se puede comprobar que la mayor presencia de especies vegetales exóticas en colecciones

privadas se encuentra en aquellos lugares donde sus habitantes han sentido profundamente la emigración». Sirva como exemplo o xardín da Villa Buenos Aires, en Pontevedra, propiedade pertencente a comezos do século XX a Casimiro Gómez (Archivo de la Emigración Gallega, 2016), emigrante retornado de sudamérica que encargou o deseño do seu xardín ao prestixioso horticultor e paisaxista portugués Jacintho de Mattos (Salinero et al., 2018). Na actualidade pouco queda do xardín orixinal, transformado no parque de Monteporreiro e edificio da UNED, pero que aínda conseva unha fermosa colección de árbores, entre as que destaca a dobre aliñación de eucaliptos, que conserva a traza orixinal do proxecto xardinístico, e amosa enormes eucaliptos pertencentes a especies escasamente representadas en Galicia, sobre todo con exemplares de grandes dimensións, como a caoba do sur (*Eucalyptus botryoides*), o eucalipto rosado (*Eucalyptus grandis*) ou o eucalipto do Maná (*Eucalyptus viminalis*) (Salinero et al., 2018).

No caso das Serras de Ancares e Courel e a súa contorna, este feito aparece reflectido na Casa da Puebla (O Incio), na que se atopan dous exemplares de camecyparis de Lawson (*Chamaecyparis lawsoniana*), especie de orixe norteamericana, que foron plantados polo Enxeñeiro de Montes D. Benigno Quiroga Ballesteros con plantas traídas por el mesmo desde Filipinas en pequenas macetas, fai preto de 150 anos, segundo afirma a súa propietaria actual, e que comparten espazo con outras especies exóticas como canas de bambú (*Phyllostachys aurea*), cedros (*Cedrus atlantica*) e mesmo froiteiras exóticas, como nísperos (*Eriobotrya japonica*) ou abeleiras de de Lambert (*Corylus maxima*) (Bernárdez Villegas, 2020).

Para a realización do presente traballo, seleccionáronse aquelas árbores e formacións do Catálogo Galego de Árbores Senlleiras e que se atopan nos concellos incluídos total ou parcialmente na Zona Especial de Conservación da Rede Natura 2000 Ancares-O Courel (ZEC ES1120001): Becerreá, Cervantes, Folgoso de Courel, O Incio, Navia de Suarna, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, Samos e Triacastela.



Figura 4: Teixedal de Casaio. Incluído no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras (Decreto 67/2007).



Figura 5: Alameda do Campo da Estrela en Santiago de Compostela.



Figura 6: Dobre aliñación de eucaliptos no parque de Monteporreiro, Pontevedra, conservados co deseño orixinal do espazo.

4. As árbores e formacións senlleiras das serras de Ancares e Courel e a súa contorna na historia da catalogación en Galicia

O estudo e admiración polo arboredo monumental naceu en EEUU coa declaración do Parque Nacional de Yellowstone en 1872. Aínda que o principal motivo da súa declaración non foi a catalogación de árbores, senón a protección das súas paisaxes, como a colección máis grande do mundo de géiseres ou o Gran Canón do Colorado, tamén as árbores foron importantes na declaración como Parque Nacional polo presidente Ulysses S. Grant. A admiración polas árbores xigantes de América do Norte pronto cruzou o Océano Atlántico e, en 1885, o artigo «Los Árboles Gigantes de California» é publicado na Revista Popular de Conocimientos Útiles (Anónimo, 1885). Este artigo dedicado, case en exclusiva, á descrición das grandes sequoias americanas situadas no Parque Nacional de Yosemite (por aquel entón parque estatal) contribúe, sen dúbida, a despertar o interese por este tipo de arboredo nos investigadores europeos e, entre eles, nos españois. Ese mesmo ano a Revista Montes publica un artigo titulado «Los Árboles Gigantes» (Castel, 1885) no que tamén fai unha descrición das sequoias americanas, destacando feitos históricos tan lamentables como a talla de exemplares de 137 metros de altura e 33 metros de circunferencia para instalar no seu toco unha sala de baile, un xogo de birlos e un miradoiro.

21

Sen embargo, os primeiros datos sobre arboredo monumental en Galicia, no marco dun traballo dedicado exclusivamente a este tipo de árbores, aparecen na década dos anos 70 do pasado século, cando o Instituto Nacional para a Conservación da Natureza (ICONA), que desempeñaba as competencias que pertencían á Dirección Xeral de Montes, Caza e Pesca Fluvial, en 1974 dita unha circular (14/1974), inspirada polo enxeñeiro de Montes D. Antonio López Lillo, encamiñada a crear o «Inventario de Árboles Sobresalientes de España», para a súa protección e conservación «xa que algúns destes exemplares estaban expostos a desaparecer por corta, lume, enfermidades e pragas, e sobre todo, moitas veces, por descoñecemento do seu valor». As Delegacións Rexionais do ICONA foron as encargadas de recoller esta información e facela chegar aos servizos centrais, que pretendían realizar un inventario nacional. Con todo, a resposta das delegacións rexionais foi moi heteroxénea e o inventario pretendido non chegou a ver a luz.

A Delegación Territorial de Galicia enviou datos de tres exemplares da provincia de Lugo, entre os que se atopaba o Ciprés de Samos, que por aquel entón contaba con 3,15 m de circunferencia normal e 25 m de altura, mantendo o fuste limpo de ramas ata unha altura de 8 metros.

Unha década máis tarde, en 1984, a Dirección Xeral do Forestal e do Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación da Xunta de Galicia contratou a unha consultora madrileña a realización do «Inventario de Árbores Sobresalientes de Galicia», documento inédito que sae á luz en 1985 e que recolle 260 monumentos vexetais, 102 na provincia da Coruña, 49 na de Lugo, 39 na de Ourense e 70 na de Pontevedra. O 20 % das 69 especies citadas son autóctonas e o resto foráneas. As especies máis representadas son as seguintes: *Quercus robur* (41 exemplares), *Castanea sativa* (21), *Pinus pinea* (14), *Pinus pinaster* (13), *Taxus baccata* (13), *Quercus suber* (10), *Eucalyptus globulus* (9), *Quercus pyrenaica* (8), *Juglans regia* (6) e *Magnolia grandiflora* (6). Varios dos exemplares incluídos nese inventario forman parte do actual catálogo e moitos xa desapareceron. Os autores do traballo deixaron constancia dos atrancos cos que se atoparon para conseguir información e do escepticismo, temores e cautelas de moitos propietarios (Rigueiro Rodríguez *et al.* 2008). Entre as árbores e formacións recollidas naquel documento figuraban 20 elementos das Serras de Courel e Ancares e a súa contorna.



Figura 7: Fotografía do Ciprés de Samos no Inventario de Árboles Sobresalientes de España (1974).

Especie/es	Lugar	Concello
<i>Quercus robur</i>	Cortella. Quintá de Cancelada	Becerreá
<i>Quercus pyrenaica</i> (5 exemplares)	Campo da Feira de Quindous	Cervantes
<i>Quercus pyrenaica</i>	Bosque de Piornedo. Donís	Cervantes
<i>Quercus robur</i>	Quindous	Cervantes
<i>Castanea sativa</i>	Bosque Veiga do Seixo. Cereixedo	Cervantes
<i>Quercus pyrenaica</i>	Bosque. Cereixedo	Cervantes
<i>Taxus baccata</i>	Piornedo. Donís	Cervantes
<i>Acer pseudoplatanus</i>	Vilarpandín	Navia de Suarna
<i>Juglans regia</i>	Navia de Suarna. Puebla	Navia de Suarna
<i>Quercus pyrenaica</i>	Seón. Freixís	Navia de Suarna
<i>Platanus hispanica</i>	Dompiñor	O Incio
<i>Quercus robur</i>	Vilameá. Santa María do Mao	O Incio
<i>Cupressus sempervirens</i>	Finca particular en Quiroga	Quiroga
<i>Quercus ilex</i> subsp. <i>ballota</i>	Adro da igrexa de Enciñeira	Quiroga
<i>Castanea sativa</i>	Campos de Vila. Hospital	Quiroga
<i>Cupressus sempervirens</i>	Mosteiro de Samos	Samos

Táboa 1: Árbores das serras dos Ancares e do Courel e da súa contorna recollidas no Inventario de Árbores Sobresaíntes de Galicia (Xunta de Galicia, 1985) e distribución por concellos.



Figura 8: Aciñeira (*Quercus ilex* subsp. *ballota*) do adro da igrexa de Enciñeira (Quiroga).



Figura 9: Carballo (*Quercus robur*) de Vilameá (Santa María do Mao, O Incio).

A Lei galega 9/2001, de Conservación da Natureza, no seu artigo 52 contempla a elaboración do Catálogo Galego de Árbores Singulares, que incluírá os exemplares e formacións cuxa conservación sexa necesario asegurar polos seus valores naturais, culturais, científicos, educativos, estéticos ou paisaxísticos (Bernárdez Villegas & Rigueiro Rodríguez, 2012a).

No ano 2003 Carlos Rodríguez Dacal e Jesús Izco Sevillano publican o libro «Árboles Monumentales en el Patrimonio Cultural de Galicia», no que citan 345 exemplares, 124 na provincia da Coruña, 63 na de Lugo, 34 na de Ourense e 124 na de Pontevedra. O número total de especies ascende a 117, o 17 % autóctonas e o resto exóticas. As especies máis representadas son: *Quercus robur* (47 exemplares), *Castanea sativa* (20), *Eucalyptus globulus* (14), *Buxus sempervirens* (11), *Quercus suber* (8), *Fagus sylvatica* (7), *Taxus baccata* (7), *Camellia japonica* (7), *Magnolia grandiflora* (7), *Cedrus libani* (6), *Cryptomeria japonica* (6), *Cupressus sempervirens* (6), *Platanus x hispanica* (6) e *Ulmus x hollandica* (6). A maior parte dos monumentos arbóreos identificados atópanse en Pazos, Mosteiros, Castelos e outros lugares de interese cultural de Galicia, aínda que tamén inclúen algúns exemplares situados en espazos naturais (Bernárdez Villegas & Rigueiro Rodríguez, 2012a). Entre as árbores e formacións citadas aparecen 20 elementos das Serras de Ancares e Courel e a súa contorna.

Especie/es	Lugar	Concello
<i>Quercus robur</i>	Cortella. Quintá de Cancelada	Becerreá
<i>Quercus pyrenaica</i>	Quindous	Cervantes
<i>Quercus x rosacea</i>	Quindous	Cervantes
<i>Castanea sativa</i>	Aucella. Cereixedo	Cervantes
<i>Castanea sativa</i>	Veiga do Seixo. Cereixedo	Cervantes
<i>Castanea sativa</i>	Paderne	Folgozo do Courel
<i>Castanea sativa</i>	Seceda	Folgozo do Courel
<i>Chamaecyparis lawsoniana</i>	Casa da Puebla. Hospital	O Incio
<i>Platanus hispanica</i>	Dompiñor	O Incio
<i>Castanea sativa</i>	Adro da igrexa do Hospital	O Incio
<i>Cedrus atlantica</i> (2 exemplares)	Casa da Puebla. Hospital	O Incio
<i>Cupressus sempervirens</i>	Dompiñor. San Pedro	O Incio
<i>Cupressus sempervirens</i>	Romariz	O Incio
<i>Quercus robur</i>	Vilameá. Santa María do Mao	O Incio
<i>Quercus suber</i>	Santiorxo	Pobra de Brollón
<i>Cupressus sempervirens</i>	Quiroga	Quiroga
<i>Quercus ilex</i> subsp. <i>ballota</i>	Enciñeira	Quiroga
<i>Phoenix canariensis</i>	Mosteiro de Samos	Samos
<i>Cupressus sempervirens</i>	Mosteiro de Samos	Samos

Táboa 2: Árbores das serras dos Ancares e do Courel e da súa contorna recollidas no libro «Árboles Monumentales en el Patrimonio Cultural de Galicia» (Rodríguez Dacal, C. & Izco Sevillano, J., 2003) e distribución por concellos.

No ano 2005, sae do prelo o libro titulado «Bosques Monumentales de España» (Rigueiro Rodríguez *et al.*, 2005), no que se recollen algúns dos bosques e formacións arbóreas máis interesantes do territorio español. Para Galicia, entre os bosques seleccionados para esta publicación aparecen algúns situados no territorio obxecto desta publicación: a Devesa da Rogueira (Folgozo do Courel), o Souto de Agüeira (Becerreá), e os Aciñeirais de Cruzul e Visuña (Becerreá).



Figura 10: Souto de Agüeira (Becerreá), recollido no libro «Bosques Monumentales de España» (Rigueiro Rodríguez *et al.*, 2005).

En 2006 publícase o libro «Árbores Singulares de España» (Rigueiro Rodríguez *et al.*, 2004), no que se recollen as mellores representacións arbóreas do territorio español. O capítulo dedicado a Galicia, escrito por Antonio Rigueiro Rodríguez, describe exemplares de tanta importancia como o Ciprés de Samos (Samos) e a Sobreira de Santiorxo (A Pobra do Brollón), ambos situados na contorna das Serras de Ancares e O Courel, entre outros da xeografía galega, como o Castiñeiro de Baamonde (Begonte), o Eucalipto de Reimunde (Foz) ou a Aciñeira de Covas (Rubiá), entre outras.

O Catálogo galego oficial actual créase mediante o Decreto 67/2007, publicado o 22 de marzo no Diario Oficial de Galicia. Un anexo do Decreto fai público o Catálogo Galego de Árbores e Formacións Senlleiras, no que se recollen 106 árbores e 21 formacións. Trátase dun catálogo inicial, provisorio e aberto. As 106 árbores catalogadas corresponden a 58 especies, o 24 % autóctonas e o resto foráneas. Entre as exóticas a maioría proceden de América e Asia. As familias máis representadas son *Fagaceae* con 32 exemplares, *Taxodiaceae* con 10 e *Myrtaceae* con 8. As especies que achegan máis exemplares son *Quercus robur* (15 exemplares), *Castanea sativa* (8), *Eucalyptus globulus* (5), *Camellia japonica* (4), *Quercus suber* (4), *Cryptomeria japonica* (3), *Taxus baccata* (3) e *Magnolia grandiflora* (3).

Nome	Especie	Lugar	Concello
Sobreira da Casa do Tristo	<i>Quercus suber</i>	Casa do Tristo	A Pobra de Brollón
Carballo Albar da Praza do Campo de Quindous	<i>Quercus petraea</i>	Quindous	Cervantes
Rebolo da Praza do Campo de Quindous	<i>Quercus pyrenaica</i>	Quindous	Cervantes
Castiñeiro do Val da Fonte	<i>Castanea sativa</i>	O Val da Fonte	Folgozo do Courel
Pradairo da Igrexa de Vilarpandín	<i>Acer pseudoplatanus</i>	Vilarpandín	Navia de Suarna
Camecíparis de Lawson da Casa da Puebla	<i>Chamaecyparis lawsoniana</i>	Casa da Puebla do Incio	O Incio
Plátano de Sombra do Pazo de Dompniñor	<i>Platanus hispanica</i>	Pazo de Dompniñor	O Incio
Ciprés Mediterráneo da Capela do Salvador	<i>Cupressus sempervirens fastigiata</i>	Mosteiro de Samos	Samos

Táboa 3: Exemplos das serras de Ancares e Courel e da súa contorna incluídos no Catálogo Galego de Árbores e Formacións Senlleiras (Decreto 67/2007) e distribución por concellos.

O número total de especies das 21 formacións recollidas no catálogo son 15, o 20 % autóctonas e o resto foráneas. Entre as exóticas a maior parte proceden de Europa e Asia. As familias que achegan máis formacións son *Fagaceae* con 5, *Myrtaceae* con 4 e *Buxaceae* con 3. As especies máis representadas son *Buxus sempervirens* (3 formacións), *Eucalyptus globulus* (3), *Castanea sativa* (2), *Quercus robur* (2) e *Platanus x hispanica* (2). Aínda que non aparece recollida ningunha formación no territorio das Serras de Ancares e Courel e a súa contorna.

No ano 2008, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza edita o libro «Árbores e Formacións Senlleiras de Galicia», escrito por Antonio Rigueiro Rodríguez, J. Gaspar Bernárdez Villegas e Carlos Rodríguez Dacal, con fotografías de Miguel Anxo Montero Vaz, no que se describen as árbores e formacións incluídas no catálogo (Rigueiro Rodríguez *et al.*, 2008).

O 3 de outubro de 2011 o Diario Oficial de Galicia recolle unha Orde da Consellería de Medio Rural pola que se actualiza o Catálogo galego de Árbores Senlleiras. Nesta Orde inclúense 41 novas árbores (18 en Pontevedra, 9 en Ourense, 4 en A Coruña e 10 en Lugo) e 10 novas formacións (2 en A Coruña, 5 en Ourense, 2 en Pontevedra e 1 en Lugo). Para esta ampliación foi aberto un proceso de participación pública, deste xeito foron revisadas case un milleiro de solicitudes procedentes de distintas institucións, asociacións, particulares, etc. Despois de visitar os exemplares, facer medicións e fotografías e comprobar o estado sanitario, foron analizadas as solicitudes polo Comité das Árbores Senlleiras, órgano ao que correspondía, segundo o Decreto 67/2007, facer as propostas de inclusión de novas árbores e formacións no catálogo. Como vimos de comentar nesta ampliación incluíronse 41 árbores (incremento do 38 %) e 10 formacións (incremento do 57 %), pasando o número total de árbores e formacións catalogadas a 147 e 31, respectivamente.

Os exemplares arbóreos incluídos nesta ampliación corresponden a 23 especies, o 60 % foráneas e o 40 % autóctonas, 10 das cales son novas. As especies que achegan máis exemplares son *Quercus robur* (9), *Castanea sativa* (7) e *Taxus baccata* (4).

Nome	Especie	Lugar	Concello
Carballo de Cabanavella-I	<i>Quercus robur</i>	Cabanavella	Cervantes
Carballo de Cabanavella-II	<i>Quercus robur</i>	Cabanavella	Cervantes
Teixo de Cereixido	<i>Taxus baccata</i>	Cereixido	Quiroga

Táboa 4: Árbores presentes nas serras de Ancares e Courel e a súa contorna e incluídas na ampliación do Catálogo Galego de Árbores e Formacións Senlleiras (Orde de 3 de outubro de 2011) e distribución por concellos.

28

As formacións que se inclúen na ampliación están formadas por 7 especies, o 57 % foráneas e o 43 % autóctonas, 4 das cales son novas. As especies máis representadas nas novas formacións son *Buxus sempervirens* (2), *Quercus robur* (2) e *Tilia tomentosa* (2). Aínda que nesta ampliación non aparece recollida ningunha formación no territorio das Serras de Ancares e Courel e a súa contorna.

Varios exemplares incluídos na ampliación do catálogo xa estaban citados en algún dos traballos antes comentados, é o caso, entre outros, do carballo de Portacal (Sobrado dos Monxes, A Coruña), carballo de Luxís (Castro de Rei, Lugo) ou os tileiros prateados da igrexa de San Domingos (Ribadavia, Ourense). Outros, sen embargo, son auténticos descubrimentos, a colaboración das distintas institucións e particulares foi fundamental para localizar exemplares tan impresionantes como o teixo de Cereixido (Quiroga, Lugo), situado a carón do portal de entrada á igrexa parroquial, cun perímetro basal de 7,80 m e unha forma moi característica, bifurcado case desde a base, onde amosa un enorme burato; os brazos, con perímetros de máis de 3 e 5 m, ramifícanse profusamente formando unha copa globosa e de grandes dimensións (Rigueiro Rodríguez *et al.* 2008).

En 2012, a revista galega de ecoloxía e medio ambiente *CERNA* publica o artigo titulado «Árbores Senlleiras do país» (Bernárdez Villegas & Rigueiro Rodríguez, 2012), no que se analiza a situación do catálogo e o seu futuro. Nese mesmo ano os mesmos autores publican na revista Recursos Rurais un artigo moito máis completo titulado «Árbores e formacións senlleiras en Galicia (NW España)» (Bernárdez Villegas & Rigueiro Rodríguez, 2012a), no que, entre outros aspectos, analizan as distintas ampliacións do catálogo, os grandes ausentes no mesmo, entre os que destacan os faiais situados na cabeceira do val de Fonteformosa (Pedrafita do Cebreiro) ou o Aciñeiral de Cruzul (Becerreá). Mencionando tamén algún erro de identificación no catálogo, entre os que destaca o carballo albar da Praza de Quindous, en Cervantes, identificado no catálogo como *Quercus petraea*, pero que realidade se trataba do híbrido *Q. x rosacea*, cruce natural entre o carballo albar e o carballo (*Q. robur*), mágoa que na actualidade este exemplar está morto, xa que quedou moi afectado polas nevadas do 27 e 28 de outubro de 2018 (Bernárdez Villegas, 2020), sendo sometido a información pública o seu expediente de descatalogación (Diario Oficial de Galicia, 2019), sendo finalmente descatalogado (Diario Oficial de Galicia, 2020).

No ano 2014 a Revista Micolóxica *MICOLUCUS*, publica o artigo «Conservación de árbores y formaciones singulares en Galicia» (Rigueiro Rodríguez & Bernárdez Villegas, 2014) no que se detallan algunhas medidas de protección para as árbores e formacións catalogadas



Figura 11: Carballo de Luxís (Castro de Rei). Desde a cruz medran innumerables ramas de gran diámetro e lonxitude que se colocan en disposición radial sobre o fuste, formando unha copa globosa e de grandes dimensións.

en Galicia e se inclúen fotografías dalgunhas das árbores situadas nas serras de Ancares e Courel e a súa contorna, como a Sobreira de Santiorxo (A Pobra do Brollón) e o Teixo de Cereixido (Quiroga).

O Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras reúne nun listado único os monumentos vexetais do Decreto de 2007 e os da Orde de 2011, ademais de modificar, entre outros aspectos, o sistema das solicitudes de inclusión no catálogo e o funcionamento do comité das árbores senlleiras.

O 13 de outubro de 2017 publícase o Anuncio polo que se someten a información pública varias solicitudes de inclusión no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, e o 20 de novembro publícase a Resolución pola que se fai pública a inclusión de dous exemplares (o Castiñeiro de Soutogrande, en Vilariño de Conso, e o Piñeiro manso do Pazo do Cabido, en Vilanova de Arousa) e unha formación situada nos territorios do ámbito deste traballo, o Souto da Rubial, en Folgoso do Courel, así como a descatalogación dunha árbore (Pacana de Illinois do Pazo de Mariñán, Bergondo) por morte biolóxica. Ese mesmo ano, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio publica o libro *Árbores Senlleiras de Galicia. Guía de Viaxe* (Domínguez Lereña, 2017), no que se describen 50 árbores e formacións tendo en conta criterios estéticos, culturais, dendrométricos e de rareza. Entre os exemplares e formacións seleccionados aparecen cinco situados nas serras de Ancares e Courel e na súa contorna, resultando rechamante que outra vez o Carballo Albar da Praza de Quindous aparece identificado como *Quercus petraea* e non como o híbrido *Q. x rosacea*.

Nome	Especie	Lugar	Concello
Sobreira da Casa do Tristo	<i>Quercus suber</i>	Casa do Tristo	A Pobra de Brollón
Carballo Albar da Praza do Campo de Quindous	<i>Quercus petraea</i>	Quindous	Cervantes
Castiñeiro do Val da Fonte	<i>Castanea sativa</i>	O Val da Fonte	Folgozo do Courel
Pradairo da Igrexa de Vilarpandín	<i>Acer pseudoplatanus</i>	Vilarpandín	Navia de Suarna
Ciprés Mediterráneo da Capela do Salvador	<i>Cupressus sempervirens fastigiata</i>	Mosteiro de Samos	Samos

Táboa 5: Árbores presentes nas serras de Ancares e Courel e a súa contorna recollidos no libro "Árbores Senlleiras de Galicia. Guía de Viaxe" (Domínguez Lereña, 2017).

30

No ano 2018 publícase un Cuaderno de la Sociedad Española de Ciencias Forestales monográfico dedicado ás árbores senlleiras, no que aparecen catro artigos dedicados a Galicia; nun deles atopamos exemplares e formacións situados nas serras de Ancares e Courel e a súa contorna, trátase do que leva por título «*El Catálogo Gallego de Árboles Monumentales: los suplentes*» (Bernárdez Villegas, Rigueiro Rodríguez & Mosquera-Losada, 2018) dedicado a algunhas árbores e formacións que segundo os autores reúnen os méritos necesarios para ser incluídos no catálogo, e no que se citan, entre outros, dous castiñeiros situados no concello de Cervantes, e un carballo e unha parella de castiñeiros en Becerreá.

Desde a creación do Catálogo Galego de Árbores Senlleiras recibíronse na Consellería de Medio Ambiente centos de novas propostas de inclusión de exemplares e formacións, entre as que destaca un nutrido grupo das serras de Ancares e Courel e a súa contorna. Algúns destes exemplares son impresionantes e xa forman parte do actual catálogo, como é o caso do Teixo de Cereixido (Quiroga), proposto polo Clube de Montañismo Pena Trevinca ou os Carballos de Cabanavella (Cervantes), integrantes dun grupo máis amplo propostos por Elvira Díaz Vizcaíno, Ignacio García González e Manuel Souto Herrero.

Especie/es	Lugar	Concello
<i>Quercus robur</i>	Eixibrón. San Pedro de Tortes	Becerreá
<i>Taxus baccata</i>	Eixibrón. San Pedro de Tortes	Becerreá
<i>Taxus baccata</i>	Eixibrón. San Pedro de Tortes	Becerreá
<i>Castanea sativa</i>	Aucella. Cereixedo	Cervantes
<i>Castanea sativa</i>	Noceda	Cervantes
<i>Quercus robur</i> (ORT09)	Entorno do Río Ortigal	Cervantes
<i>Quercus robur</i> (CAB15)	Cabanavella (Monte da Vara). Degrada	Cervantes
<i>Quercus robur</i> (CAB16)	Cabanavella (Monte da Vara). Degrada	Cervantes
<i>Quercus robur</i> (CAB17)	Cabanavella (Monte da Vara). Degrada	Cervantes

Espechie/es	Lugar	Concello
<i>Quercus robur</i> (CAB18)	Cabanavella (Monte da Vara). Degrada	Cervantes
<i>Quercus robur</i> (CAB19)	Cabanavella (Monte da Vara). Degrada	Cervantes
<i>Quercus petraea</i> (CAB01)	Cabanavella. Degrada	Cervantes
<i>Castanea sativa</i>	Castelo de Frades. Santa Marta	Cervantes
<i>Castanea sativa</i>	Noceda	Cervantes
<i>Prunus avium</i>	Aucella. Cereixedo	Cervantes
<i>Castanea sativa</i>	Veiga do Seixo. Cereixedo	Cervantes
<i>Quercus pyrenaica</i>	Piornedo. Donís	Cervantes
<i>Quercus robur</i> (CAB08)	Cabanavella. Degrada	Cervantes
<i>Quercus robur</i> (CAB05)	Cabanavella. Degrada	Cervantes
<i>Quercus robur</i> (CAB07)	Cabanavella. Degrada	Cervantes
<i>Quercus robur</i> (ORT09)	Entorno do Río Ortigal	Cervantes
<i>Castanea sativa</i>	Souto de Rubial. Parada	Folgozo do Courel
<i>Castanea sativa</i>	Vilameá. Santa María do Mao	O Incio
<i>Catalpa bignonioides</i>	San Eufrasio. Santa María do Mao	O Incio
<i>Cedrus atlantica</i> (2 exemplares)	Laiosa. Laiosa	O Incio
<i>Pinus pinea</i>	Lebaste. Goo	O Incio
<i>Quercus suber</i>	Lebaste. Goo	O Incio
<i>Fraxinus excelsior</i>	Pedrafita do Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro
<i>Quercus suber</i>	Loureiro. Salcedo	Pobra de Brollón
<i>Taxus baccata</i>	Cereixedo. Degrada	Quiroga
<i>Castanea sativa</i>	Lusío. San Cristobo do Real	Samos
<i>Castanea sativa</i>	Toca. Renche	Samos
<i>Castanea sativa</i>	Toca. Renche	Samos
<i>Fagus sylvatica</i> (2 exemplares)	Lusío. San Cristobo do Real	Samos
<i>Fraxinus excelsior</i>	Lusío. San Cristobo do Real	Samos
<i>Quercus robur</i>	Lusío. San Cristobo do Real	Samos
<i>Castanea sativa</i>	Ramil. Santiago de Triacastela	Triacastela
<i>Castanea sativa</i> (3 exemplares)	Vilavella	Triacastela

Táboa 6: Árbores presentes nas serras de Ancares e Courel e a súa contorna para os que se recibiron propostas de inclusión no catálogo con posterioridade á súa creación en 2007. En letra grosa as solicitudes que foron aceptadas e forman parte do actual catálogo. Algúns exemplares xa desapareceron.

Algunhas das propostas que non foron consideradas pola Consellería de Medio Ambiente con méritos suficientes para formar parte do catálogo seguramente deberán ser reconsideradas nun futuro próximo, xa que posúen unha dendrometría moi destacada. Entre elas sobresaen os castiñeiros de Vilavella (Vilavella, Triacastela), os castiñeiros de Toca (Renche, Samos), a árbore das trompetas de San Eufrasio (Santa María do Mao, O Incio) ou o castiñeiro de Ramil (Santiago de Ramil, Triacastela). De seguido amósase información dendrométrica e de localización destes monumentos vexetais.

* *Castiñeiro de Ramil*



Figura 12: Castiñeiro de Ramil.

Especie	<i>Castanea sativa</i>
Lugar	Santiago de Ramil
Concello	Triacastela
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T644769;4735215
Altura total (m)	22,40
Circunferencia normal do tronco (m)	9,10

Táboa 7: Localización e principais datos dendrométricos do Castiñeiro de Ramil.

*** Árbore das trompetas de San Eufrasio**



Figura 13: Árbore das trompetas de San Eufrasio.

Especie	<i>Catalpa bignonioides</i>
Lugar	Igrexa de San Eufrasio. Santa María do Mao
Concello	O Incio
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T636716;4729340
Altura total (m)	16,50
Circunferencia normal do tronco (m)	2,20

Táboa 8: Localización e principais datos dendrométricos da Árbore das trompetas de San Eufrasio.

*** Castiñeiro de Toca**

34



Figura 14: Castiñeiro de Toca.

Especie	<i>Castanea sativa</i>
Lugar	Toca. Renche
Concello	Samos
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T641454;4731287
Altura total (m)	10,30
Circunferencia normal do tronco (m)	10,20

Táboa 9: Localización e principais datos dendrométricos do Castiñeiro de Toca.

*** Castiñeiro de Vacorveiro**



Figura 15: Castiñeiro de Vacorveiro.

Especie	<i>Castanea sativa</i>
Lugar	Toca. Renche
Concello	Samos
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T641112;4731661
Altura total (m)	19,10
Circunferencia normal do tronco (m)	7,20

Táboa 10: Localización e principais datos dendrométricos do Castiñeiro de Vacorveiro.

*** Castiñeiros de Vilavella (3 exemplares)**



36

Figura 16: Castiñeiros de Vilavella (3 exemplares).

Especie	<i>Castanea sativa</i>
Lugar	Vilavella
Concello	Triacastela
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T646418;4735704
Altura total (m)	17,40; 19,20; 18,40
Circunferencia normal do tronco (m)	10,10; 9,20; 9,80

Táboa 11: Localización e principais datos dendrométricos dos Castiñeiros de Vilavella.

No ano 2020, J. Gaspar Bernárdez Villegas presenta a súa tese de doutoramento baixo a dirección de Antonio Rigueiro Rodríguez e Rosa Mosquera Losada, co título «*As Árbores Senlleiras de Galicia. Diagnóstico da Situación Actual e Proposta de Liñas de Actuación*». A tese é o resultado da revisión e estudo de 1.108 exemplares e formacións distribuídos por toda a xeografía galega, dos que 189 rexistros forman parte do catálogo actual, mentres que outros 58 rexistros foron propostos para a súa catalogación e 861 árbores/formacións forman parte da maior base de datos creada para o arboredo singular de Galicia ata a actualidade.

Os principais obxectivos deste estudo foron a revisión do estado de saúde e datos dendrométricos de 1.108 exemplares/formacións e a realización para cada un dos exemplares/formacións catalogados e para as novas propostas dunha ficha descritiva actualizando a información existente; avaliación visual (VTA) (Visual Tree Assessment), estudando para cada exemplar/formación 28 variables; valoración económica segundo a Norma Granada; realización de propostas de actuación destinadas a mellorar o estado fitosanitario dos exemplares/formacións, diminuír o risco para as persoas e obxectos, diminuír os riscos para os exemplares e actuacións encamiñadas a mellorar a contorna das árbores e formacións senlleiras; realizar e xustificar propostas de descatalogación para aqueles rexistros para os que se considera que perderon os valores polos que foron catalogados; realizar novas propostas de catalogación para aquelas árbores/formacións que se considera que reúnen os requisitos para formar parte do Catálogo, actualizar os nomes científicos de aqueles exemplares nos que consideramos que o nome non é correcto ou non está actualizado e revisar a identificación de algúns exemplares que se consideran mal identificados (Bernárdez Villegas, 2020). Entre as árbores propostas para ser catalogadas atópanse tres rexistros nas Serras de Ancares e Courel e a súa contorna, trátase da Noceira de Triacastela (Triacastela), da parella de teixos situados no cemiterio de Noceda (Folgozo do Courel) e o plátano de sombra do Pazo de Dompniñor (O Incio). De seguido amosamos información dendrométrica e de localización, así como unha descrición, destes monumentos vexetais.

* **Noceira de Triacastela (Triacastela)**

O tronco da Noceira de Triacastela, cun perímetro basal de 10,10 metros, amosa, ademais de cicatrices de pólas amputadas, a base rodeada por grandes nórregas e contrafortes que axudan a soste a impresionante estrutura da súa copa. O tronco medra inclinado e está completamente oco, presentando unha cavidade na base. Actualmente non existe ningún exemplar de noceira no catálogo, despois da descatalogación da Noceira de Licín (Diario Oficial de Galicia, 2020), por atópase nun estado de conservación moi deficiente despois de caer no ano 2011 e perder os valores que motivaron a súa catalogación. Por este motivo a comparación de datos dendrométricos realizouse tendo en conta os exemplares desta especie que foron revisados durante o traballo de campo (Bernárdez Villegas, 2020).

Especie	<i>Juglans regia</i>
Lugar	Praza da vila de Triacastela
Concello	Triacastela
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T643832;4735357
Altura total (m)	9,50
Circunferencia normal do tronco (m)	9,60

Táboa 12: Localización e principais datos dendrométricos da Noceira de Triacastela.



Figura 17: Noceira de Triacastela (1).



Figura 18: Noceira de Triacastela (2).

*** Teixos do cemiterio de Noceda (Folgozo do Courel)**




Figura 19: Teixos do cemiterio de Noceda (1).



Figura 20: Teixos do cemiterio de Noceda (2).

A nómina de teixos monumentais no catálogo é elevada e na actualidade hai rexistrados 7 exemplares de grandes dimensións. No cemiterio de Noceda hai dous exemplares que non aparecen reflectidos en ningún dos traballos anteriormente publicados sobre arboredo monumental en Galicia. Comparando os datos dendrométricos dos exemplares propostos cos catalogados obsérvase que só o Teixo da Fontaneira ten maior circunferencia normal que un dos exemplares propostos, mentres que o outro exemplar ten un perímetro algo menor. Trátase dunha parella de teixos de fermosa feitura. Ambos medran nas proximidades da igrexa e cemiterio e amosan troncos robustos que se ramifican a baixa altura para formar copas redondeadas. A súa localización, á entrada do cemiterio e no adro da igrexa, serviulles a estes exemplares para gozar da admiración popular (Bernárdez Villegas, 2020).

Especie	<i>Taxus baccata</i>
Lugar	Cemiterio de Noceda
Concello	Folgozo do Courel
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T653044;4726691
Altura total (m)	7,90; 15,50
Circunferencia normal do tronco (m)	8,35; 5,02

Táboa 13: Localización e principais datos dendrométricos dos Teixos do cemiterio de Noceda.

* *Plátano de sombra do Pazo de Dompniñor (O Incio)*

No Pazo de Dompniñor dase unha circunstancia cando menos curiosa, xa que é aquí onde se atopa o único exemplar de plátano de sombra catalogado de forma individual (no catálogo hai ademais dúas formacións catalogadas desta especie) e tamén é aquí onde se atopa o exemplar proposto. Na entrada ao recinto do pazo, á man dereita do camiño, medra un exemplar de dimensións moi similares ás do catalogado, situado a menos de 100 metros de distancia, sen que ata o momento fose citado en ningún traballo anterior. Trátase dunha árbore con excelente estado de saúde, crece vigorosa e con total integridade arquitectónica, de xeito que as ramas máis baixas rozan o chan, amosando unha copa esvelta que envolve totalmente a árbore, desde a base ata a cima, configurada pola inserción harmoniosa e equilibrada das pólas sobre un eixo ou tronco de extraordinarias dimensións, que destaca ademais pola súa dereitura e verticalidade. O tronco ten un perímetro basal de sete metros, atopándose a primeira ramificación a 2,20 metros de altura sobre do chan (Bernárdez Villegas, 2020).

Especie	<i>Platanus x hispanica</i>
Lugar	Pazo de Dompniñor
Concello	O Incio
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T634662;4723156
Altura total (m)	41,80
Circunferencia normal do tronco (m)	5,89

Táboa 14: Localización e principais datos dendrométricos do Plátano de sombra do Pazo de Dompniñor.




Figura 21: Plátano de sombra do Pazo de Dompiñor.

5. Árbores e formacións senlleiras das serras de Ancares e Courel e a súa contorna recollidas no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras na actualidade

De seguido facemos referencia ás árbores e formacións senlleiras das serras dos Ancares e do Courel e a súa contorna que forman parte na actualidade do Catálogo Galego de Árbores Senlleiras. Inclúense datos dendrométricos e de localización, así como unha descrición, dos monumentos vexetais.

Os códigos que se indican son os do Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.



Mapa 1: Árbores recollidas no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras presentes nos concellos incluídos total ou parcialmente na Zona Especial de Conservación da Rede Natura 2000 Ancares-O Courel (ZEC ES1120001): Becerreá, Cervantes, Folgoso de Courel, O Incio, Navia de Suarna, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, Samos e Triacastela (mapa realizado por Manuel Peixoto Torres).

5.1.- Pradairo da Igrexa de Vilarpandín (Cód. 2A)



44

Figura 22: Pradairo da Igrexa de Vilarpandín (1).

Na parroquia de Santo Estevo de Vilarpandín, a carón da igrexa de Vilarpandín, atópase o maior exemplar de pradairo (*Acer pseudoplatanus*) coñecido na xeografía galega. O seu tronco ten un perímetro normal de 3,20 metros e acada a altura de 20 metros, o que nos axuda a imaxinar a extraordinaria magnitude desta árbore. A cruz, punto principal de ramificación do tronco do exemplar, está formada por catro ramas de grandes dimensións que medran con gran verticalidade para formar unha copa aberta e moi ampla debido ás sucesivas ramificacións (Bernárdez Villegas, 2020).

Especie	<i>Acer pseudoplatanus</i>
Lugar	Igrexa de Vilarpandín
Concello	Navia de Suarna
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T663318;4757492
Altura total (m)	19,60
Circunferencia normal do tronco (m)	3,18

Táboa 15: Localización e principais datos dendrométricos do Pradairo da Igrexa de Vilarpandín.



Figura 23: Pradairo da Igrexa de Vilarpandín (2).

5.2.- Castiñeiro do Val da Fonte (Cód. 19A)



Figura 24: Castiñeiro do Val da Fonte (1).

Na parroquia de San Martín de Meiraos, no lugar de O Val da Fonte, atopáse un exemplar de castiñeiro demoucado que responde ao modelo de caracocha, tan frecuente nos soutos vellos galegos, coa base do tronco moi ensanchada e totalmente oca. O seu interior está colonizado por numerosas especies de fentos, como polísticos (*Polystichum setiferum*), culandrillo menor (*Asplenium trichomanes*) ou o culandrillo negro (*Asplenium adiantum-nigrum*), mentres que na superficie do fuste medra unha nutritiva poboación de polipodios (*Polypodium* sp.). A base do tronco sitúase na parte baixa dun noiro, mentres que a súa copa está na parte máis alta do mesmo, na beira dun prado (Bernárdez Villegas, 2020).



Figura 25: Castiñeiro do Val da Fonte (2).

Especie	<i>Castanea sativa</i>
Lugar	O Val da Fonte
Concello	Folgozo do Courel
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T648234;4724686
Altura total (m)	19,10
Circunferencia normal do tronco (m)	7,95

Táboa 16: Localización e principais datos dendrométricos do Castiñeiro do Val da Fonte.

5.3.- Camecíparis de Lawson da Casa da Puebla (Cod. 30A)



Figura 26: Camecíparis de Lawson da Casa da Puebla (1).

Esta especie foi introducida en Europa (Edimburgo) en 1854, despois de que o xardineiro escocés Peter Lawson a descubrixe nas costas americanas do Pacífico a mediados do século XIX, nunha das súas expedicións botánicas. Sen embargo, esta parella de exemplares seguiu unha ruta ben diferente para a súa chegada a Galicia. Segundo a súa propietaria foron plantados polo seu bisavó, o Enxeñeiro de Montes D. Benigno Quiroga Ballesteros, con plantas traídas polo mesmo desde Filipinas en pequenas macetas fai preto de 150 anos. Ambos exemplares mostran unha morfoloxía case idéntica, con varios fustes (7 e 8 respectivamente) que saen dunha base común. Todos os fustes se ramifican a pouca altura do chan, o que fai que parezan unha masa enmarañada de pés. A copa dos dous exemplares é bastante simétrica e con forma piramidal, non amosando perturbacións importantes a pesar dos anos e da forte competencia á que están sometidos, xa que comparten espazo con tileiros e cedros (Bernárdez Villegas, 2020).



Figura 27: Camecíparis de Lawson da Casa da Puebla (2).

Especie	<i>Chamaecyparis lawsoniana</i>
Lugar	Casa da Puebla do Incio
Concello	O Incio
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T635988;4723841
Altura total (m)	27,80 e 29,60
Circunferencia normal do tronco (m)	2,05; 2,40, 5,26; 0,87; 1,72; 1,30; 1,76 e 1,55; 0,61, 1,98, 2,36, 2,36, 0,90; 3,18, 2,18

Táboa 17: Localización e principais datos dendrométricos dos Camecíparis de Lawson da Casa da Puebla.

5.4.- Ciprés Mediterráneo da Capela do Salvador (Cód. 41A)



Figura 28: Ciprés Mediterráneo da Capela do Salvador (1).

Á beira da capela prerrománica do Divino Salvador de Samos atópase unha das árbores de máis sosa de Galicia, non en balde xa aparece reflectida a súa figura no escudo da Real Abadía Benedictina, que data do século XVI (Rodríguez Dacal & Izco Sevillano, 2003). O seu fuste, con un perímetro normal de 3,30 metros, medra dereito e sen ramificar ata case oito metros de altura, onde comezan as primeiras ramificacións. A súa copa é de perfil piramidal e acada unha altura de 26 metros. Como dato negativo hai que apuntar a presenza no fuste dunha malla de polipropileno cubrindo unha cavidade provocada por un lume intencionado, no ano 1926, intentando escorrentar do seu fuste un enxame de abellas. A zona calcinada foi posteriormente cuberta con cemento para evitar a entrada da auga e das podremias consecuentes. Pese aos cuidados aos que foi sometido o exemplar, no ano 1941 un vendaval acabou por rachar unha póla de grandes dimensións, o que contribuíu a aumentar o tamaño da ferida cuberta na actualidade pola malla citada (Bernárdez Villegas, 2020).



Figura 29: Ciprés Mediterráneo da Capela do Salvador (2).

Especie	<i>Cupressus sempervirens</i> 'fastigiata'
Lugar	Mosteiro de Samos
Concello	Samos
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T637132;4732542
Altura total (m)	25,90
Circunferencia normal do tronco (m)	3,33

Táboa 18: Localización e principais datos dendrométricos do Ciprés Mediterráneo da Capela do Salvador.

5.5.- Plátano de Sombra do Pazo de Dompiñor (Cód. 72A)



52

Figura 30: Plátano de sombra do Pazo de Dompiñor (1).

Ao contrario que a maior parte dos exemplares desta especie que podemos atopar en Galicia, o exemplar do Pazo de Dompiñor non foi podado reiteradamente para controlar o seu tamaño, polo que podemos observar a forma natural da especie cando crece sen limitacións espaciais. A base do tronco está moi engrosada pola acumulación de contrafortes que dan estabilidade a esta árbore de grandes dimensións. O seu fuste é moi recto e non comeza a ramificarse ata superados os sete metros de altura. Non forma unha verdadeira cruz, senón que as súas ramas distribúense case de forma radial arredor do tronco, formando unha copa alongada e de gran volume (Bernárdez Villegas, 2020).



Figura 31: Plátano de sombra do Pazo de Dompíñor (2).

Especie	<i>Platanus x hispanica</i>
Lugar	Pazo de Dompíñor
Concello	O Incio
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T635029;4723251
Altura total (m)	43,40
Circunferencia normal do tronco (m)	6,08

Táboa 19: Localización e principais datos dendrométricos do Plátano de Sombra do Pazo de Dompíñor.

5.6.- Carballo Albar da Praza do Campo de Quindous (Cód. 74A)



54

Figura 32: Carballo Albar da Praza do Campo de Quindous. Foto tomada en agosto de 2018, antes das nevadas de outubro e do seu estado actual (1).

Aínda que no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras (Decreto 67/2007) este exemplar aparece identificado como un carballo albar, trátase realmente dun híbrido natural entre o carballo albar (*Quercus petraea*) e o carballo común (*Q. robur*), coñecido como *Q. x rosacea* (Bernárdez Villegas, 2020). Esta árbore foi moi afectada polas nevadas do 27 e 28 de outubro de 2018, xa que se desprenderon as ramas polo peso da neve e perdeu a copa (Bernárdez Villegas, 2020), polo que o exemplar foi descatalogado (Diario Oficial de Galicia, 2020), por perder os valores que motivaron a súa catalogación.

Especie	<i>Quercus petraea</i>
Lugar	Praza do Campo de Quindous
Concello	Cervantes
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T664095;4747808
Altura total (m)	21,50
Circunferencia normal do tronco (m)	6,38

Táboa 20: Localización e principais datos dendrométricos do Carballo Albar da Praza do Campo de Quindous (A altura que aparece no cadro era a que posuía antes das nevadas de outubro de 2018).



Figura 33: Carballo Albar da Praza do Campo de Quindous. Foto tomada en agosto de 2018, antes das nevadas de outubro e do seu estado actual (2).

5.7.- Rebolo da Praza do Campo de Quindous (Cód. 75A)



56

Figura 34: Rebolo da Praza do Campo de Quindous (1).

A base do tronco presenta ocos e algunha podremia. A 2 metros de altura sobre do chan amosa unha gran nórraga, na que tamén se observan podremias que excretan substancias líquidas que tinguen o tronco de cor negra. Ás primeiras ramas comezan a aparecer a 2,40 m de altura, formándose a verdadeira cruz a 3,50 m. A copa presenta pouco vigor e moitas zonas defoliadas (Rigueiro Rodríguez *et al.*, 2008). Na actualidade o exemplar presenta un 90 % da súa copa seca. Só conserva algúns rebotes pequenos pegados ao tronco e ramas principais (Bernárdez Villegas, 2020), polo que foi descatalogado (Diario Oficial de Galicia, 2020), pola morte biolóxica da exemplar.



Figura 35: Rebolo da Praza do Campo de Quindous (2).

Especie	<i>Quercus pyrenaica</i>
Lugar	Praza do Campo de Quindous
Concello	Cervantes
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T664100;4747837
Altura total (m)	26,20
Circunferencia normal do tronco (m)	4,20

Táboa 21: Localización e principais datos dendrométricos do Rebolo da Praza do Campo de Quindous.

5.8.- Sobreira da Casa do Tristo (Cód. 96A)



58

Figura 36: Sobreira da Casa do Tristo (1).

Na parroquia de San Cosme de Liñares (A Pobra do Brollón) atópase unha sobreira á que se lle atribúen entre 300 e 400 anos de idade. Trátase dun exemplar de extraordinarias dimensións, xa que o seu tronco, con un perímetro na base de 6,50 metros, engrosa rapidamente ata superar os dez metros á altura do peito, como consecuencia dunha gran acumulación de nórregas e cicatrices que lle confiren ao exemplar o aspecto dun barril. O seu interior atópase totalmente oco, e contan os propietarios que durante a guerra civil empregábase como despensa, para evitar que os produtos alí gardados foran decomisados. A copa, formada unicamente por dous enormes brazos, atópase na actualidade moi diminuída pola morte dunha desas ramas, provocando unha enorme descompensación, pois só a metade da copa está viva (Bernárdez Villegas, 2020).



Figura 37: Sobreira da Casa do Tristo (2).

Especie	<i>Quercus suber</i>
Lugar	Casa do Tristo
Concello	A Pobra do Brollón
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T632231;4706472
Altura total (m)	14,60
Circunferencia normal do tronco (m)	10,90

Táboa 22: Localización e principais datos dendrométricos da Sobreira da Casa do Tristo.

5.9.- Carballo de Cabanavella-I (Cód. 135A)



60

Figura 38: Carballo de Cabanavella-I (1).

No interior do bosque de Cabanavella, en San Román de Cervantes, hai unha ampla representación de carballos de moi bela feitura. O que describimos é un exemplar que supera os 23 metros de altura. O seu tronco medra con gran verticalidade, aínda que non faltan as nórregas características dos exemplares de avanzada idade desta especie. O seu perímetro basal achégase a 6,5 metros, reducíndose ata 4,86 metros á altura do peito (Bernárdez Villegas, 2020), aínda que a súa maxestosidade é de difícil observación pola gran masa de acivros (*Ilex aquifolium*) que rodean a súa base e dificultan achegarse ao seu pé.




Figura 39: Carballo de Cabanavella-I (2).

Especie	<i>Quercus robur</i>
Lugar	Cabanavella
Concello	Cervantes
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T671433;4742128
Altura total (m)	23,10
Circunferencia normal do tronco (m)	4,86

Táboa 23: Localización e principais datos dendrométricos do Carballo de Cabanavella-I.

5.10.- Carballo de Cabanavella-II (Cód. 136A)



62

Figura 40: Carballo de Cabanavella-II (1).

Medra no mesmo bosque que o exemplar descrito anteriormente, a pouca distancia do mesmo, e posúe unhas características dendrométricas moi semellantes, con unha altura de algo máis de 21 metros e 4,70 metros de perímetro normal. O tronco comeza a ramificarse preto dos tres metros de altura, e carece dunha cruz ben definida, formándose a copa pola sucesión de ramas arredor do fuste. A súa copa é estreita, seguramente forzada pola competencia espacial á que foi sometida no pasado polos seus conxéneres veciños. Na zona basal do tronco amosa numerosas cavidades e cicatrices, o que non impide que o exemplar goce de boa saúde (Bernárdez Villegas, 2020).



Figura 41: Carballo de Cabanavella-II (2).

Especie	<i>Quercus robur</i>
Lugar	Cabanavella
Concello	Cervantes
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T671791;4742492
Altura total (m)	21,30
Circunferencia normal do tronco (m)	4,70

Táboa 24: Localización e principais datos dendrométricos do Carballo de Cabanavella-II.

5.11.- Teixo de Cereixido (Cód. 143A)

64



Figura 42: Teixo de Cereixido (1).

Á beira da entrada do cemiterio e da igrexa de Cereixido (Quiroga) encóntrase o monumental teixo, situado sobre unha terraza horizontal, como unha atalaia sobre a pequena poboación de Cereixido, que na actualidade pasou a formar parte da extensa nómina de pobos abandonados de Galicia. O seu tronco, con case oito metros de perímetro na base, bifúrcase en dous grandes fustes que superan os tres e cinco metros de perímetro respectivamente. A dicir verdade, non está moi claro se se trata dun único fuste bifurcado ou de dous teixos que medraron moi xuntos, aínda que esa circunstancia non resta monumentalidade a esta impresionante árbore. A copa, de gran volume e fermosa feitura, está formada polas ramificacións de ambos fustes, que comezan unha vez superado o metro de altura sobre o chan (Bernárdez Villegas, 2020).



Figura 43: Teixo de Cereixido (2).

Especie	<i>Taxus baccata</i>
Lugar	Igrexa de Cereixido
Concello	Quiroga
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T653444;4702377
Altura total (m)	13,80
Circunferencia normal do tronco (m)	3,63 e 5,22

Táboa 25: Localización e principais datos dendrométricos do Teixo de Cereixido.

5.12.- Souto da Rubial (Cód. 37F)



66

Figura 44: Souto da Rubial (1).

Na aldea de Parada (Folgozo do Courel, Lugo) atópase o «Souto da Rubial». Trátase da única formación incluída no catálogo das Serras de Ancares e Courel e a súa contorna, e está formada por árbores de gran valor histórico, pois 50 dos castiñeiros que o compoñen pertenceron a Uxío Novoneyra, considerado un dos máis importantes poetas e escritores galegos do século XX e nado en Parada do Courel, son os marcados coa letra «N» no seu tronco. Trátase de exemplares de gran tamaño sometidos a demoucas para o aproveitamento mixto de castaña e madeira. Os troncos, robustos e de grandes dimensións, teñen entre dous e catro metros de altura entre o chan e a cruz, na que brotan as novas pólas despois de cada tratamento de renovación das copas, as cales medran con gran verticalidade pola competencia exercida entre os castiñeiros veciños. A propiedade do souto segue o tradicional sistema segundo o cal o propietario de cada árbore non ten por que ser propietario do chan baixo del, e as castañas ás que cada un ten dereito son as que caen nos sucos escavados na súa propiedade e non as que caen das súas árbores. Este sistema, que parece complexo, funcionou secularmente nesta zona, conservándose en moitos soutos do sur de Lugo e de Ourense (Bernárdez Villegas, 2020).




Figura 45: Souto da Rubial (2).

Especie	<i>Castanea sativa</i>
Lugar	Parada do Courel
Concello	Folgozo do Courel
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T652588;4720498
Altura total (m)	21,30 e 25,10
Circunferencia normal do tronco (m)	6,40 e 7,10

Táboa 26: Localización e principais datos dendrométricos do Souto do Rubial.

6. Outras árbores senlleiras das serras de Ancares e Courel e súa contorna

Despois de anos de estudo sobre o arboredo senlleiro nas Serras de Ancares e Courel, aínda seguen aparecendo rexistros de exemplares e formacións que parece increíble que chegaran aos nosos días sen que nada máis que uns poucos e afortunados veciños da zona souberan da súa existencia. Entre eles podemos destacar os seguintes.



Mapa 2: Árbores senlleiras non recollidas no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras nas serras de Ancares e Courel e citadas no presente documento (1.- Noceira de Triacastela; 2.- Teixos do cemiterio de Noceda; 3.- Plátano de sombra do Pazo de Dompniñor; 4.- Castiñeiro de Ramil; 5.- Árbore das trompetas de San Eufrasio; 6.- Castiñeiro de Toca; 7.- Castiñeiro de Vacorveiro; 8.- Castiñeiros de Vilavella; 9.- Pradairo do Hospital do Incio; 10.- Bidueiro da Devesa da Escrita; 11.- Freixo de folla estreita de Vilamor; 12.- Acivro de Leizán; 13.- Rebola de Paderne; 14.- Rebolo da Pedreira de Valdastrélas; 15.- Carballo de Rendar; 16.- Sofreiro de Froxán; 17.- Sofreiro de Tralasofoeira; 18.- Teixo dos Sete Homes; 19.- Teixo da ermida de Vilarbacú; 20.- Pradairo do Bosque de Cabanavella; 21.- Acivros de Cabanavella; 22.- Carba de Cabanavella; 23.- Carballo do Avesedo de Donís; 24.- Capudre do Bosque de Cabanavella).

6.1.- Pradairo do Hospital do Incio

70



Figura 46: Pradairo do Hospital do Incio (1).

Situado na parte posterior da fermosa igrexa de Hospital do Incio, na beira do prado, atópase o que sen dúbida é o pradairo de maiores dimensións de Galicia. Desde o chan, un total de once fustes de diferentes perímetros únense formando un conxunto de extraordinaria beleza e moi pouco frecuente. A súa copa é de perfil globoso e de grandes dimensións, con un diámetro de case 19 metros.



Figura 47: Pradairo do Hospital do Incio (2).

Especie	<i>Acer pseudoplatanus</i>
Lugar	Detrás da igrexa do Hospital do Incio
Concello	O Incio
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T636138;4723852
Altura total (m)	21,10
Circunferencia normal do tronco (m)	4,40

Táboa 27: Localización e principais datos dendrométricos do Pradairo do Hospital do Incio.

6.2.- Bidueiro da Devesa da Escrita



72

Figura 48: Bidueiro da Devesa da Escrita (1).

Ao pé do camiño, detrás de un pequeno muro de pedra, atópase un bidueiro de grandes dimensións. O tronco, con un perímetro basal de 3,8 m, bifúrcase en dous enormes brazos que rapidamente se volven a ramificar, conformando unha copa ampla pero de forma irregular. Posúe hedras, musgos e líques de pulmonaria, incluso pequenos cogomelos nas ramiñas secas.



Figura 49: Bidueiro da Devesa da Escrita (2).

Especie	<i>Betula pubescens</i>
Lugar	Devesa da Escrita, Paderne
Concello	Folgozo do Courel
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T647894;4724044
Altura total (m)	22,90
Circunferencia normal do tronco (m)	2,12; 2,50

Táboa 28: Localización e principais datos dendrométricos do Bidueiro da Devesa da Escrita.

6.3.- Freixo de folla estreita de Vilamor



74

Figura 50: Freixo de folla estreita de Vilamor (1).

Medra sobre unha gran plataforma basal. O fuste, fendido ata a cruz e cuberto de musgos, ramifícase a dous metros e medio de altura en dous grandes brazos que conforman a súa copa, asimétrica e descompensada pola falta de grandes ramas das que aínda queda o recordo en forma de tocos na cruz. As ramas de menores dimensións aparecen en ocasións coas puntas secas, aínda así o exemplar goza de boa saúde.



Figura 51: Freixo de folla estreita de Vilamor (2).

Especie	<i>Fraxinus angustifolia</i>
Lugar	Adro da igrexa de Vilamor
Concello	Folgozo do Courel
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T645167;4714265
Altura total (m)	14,90
Circunferencia normal do tronco (m)	3,30

Táboa 29: Localización e principais datos dendrométricos do Freixo de folla estreita de Vilamor.

6.4.- Acivro de Leizán



76

Figura 52: Acivro de Leizán (1).

Exemplar con tres fustes de grandes dimensións (había outro que desapareceu) acompañados de outros de menor porte. Medra no valado de separación de dúas fincas e baixo un alpendre. No mesmo predio tamén se atopa unha cerdeira (*Prunus avium*) de grandes dimensións que non foi posible medir.




Figura 53: Acivro de Leizán (2).

Especie	<i>Ilex aquifolium</i>
Lugar	Leizán
Concello	O Incio
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T639970;4727261
Altura total (m)	14,90
Circunferencia normal do tronco (m)	2,34; 2,04 e 1,28

Táboa 30: Localización e principais datos dendrométricos do Acivro de Leizán.

6.5.- Rebola de Paderne



78

Figura 54: Rebola de Paderne (1). (Imaxe cedida por Guillermo Díaz Aira).

O fuste, fendido desde a cruz ata a base do tronco, está completamente oco na súa base e bifúrcase a 6,2 m de altura en dúas ramas que medran con gran verticalidade. Unha terceira rama de grandes dimensións saía desde a cruz, pero fai anos que a perdeu, amosando un gran toco seco nesa altura. O chan baixo o exemplar atópase tapizado por luzula (*Luzula sylvatica* subsp. *henriquesii*), fentas (*Blechnum spicant*), arandeiras (*Vaccinium myrtillus*) e pequenos acivros.




Figura 55: Rebola de Paderne (2).

Especie	<i>Quercus pyrenaica</i>
Lugar	Devesa da Escrita, Paderne
Concello	Folgozo do Courel
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T647949;4723070
Altura total (m)	17,10
Circunferencia normal do tronco (m)	4,35

Táboa 31: Localización e principais datos dendrométricos da Rebola de Paderne.

6.6.- Rebolo da Pedreira de Valdastrelas



80

Figura 56: Rebolo da Pedreira de Valdastrelas (1).

Medra este exemplar con unha forma moi curiosa, case paralelo ás liñas de nivel e apoiado sobre a pendente. Antigamente este exemplar era empregado polos veciños como reloxo solar, pois cando o gando estaba no monte entre os meses de xuño e setembro e a sombra cubría o cerquiño era a hora de recoller o gando. En 1975 un incendio case acaba coa vida deste fermoso exemplar, por sorte aínda é posible gozar coa súa contemplación, e sobre o tronco poden observarse os restos da madeira queimada.

Especie	<i>Quercus pyrenaica</i>
Lugar	Pedreira de Valdastrelas, Froxán
Concello	Folgozo do Courel
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T643608;4710304
Altura total (m)	7,10
Circunferencia normal do tronco (m)	6,20

Táboa 32: Localización e principais datos dendrométricos do Rebolo da Pedreira de Valdastrelas.



Figura 57: Rebolo da Pedreira de Valdastrelas (2).

6.7.- Carballo de Rendar



82

Figura 58: Carballo de Rendar (1).

Medra o carballo de Rendar nun balado pegado á estrada, xunto a un fermoso alpendre que esconde o fuste deste marabilloso exemplar. A catro metros de altura bifúrcase en dúas ramas de grandes dimensión que forman unha copa de contorno globoso e de gran beleza.



Figura 59: Carballo de Rendar (2).

Especie	<i>Quercus robur</i>
Lugar	Rendar
Concello	O Incio
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T632590;4725660
Altura total (m)	11,30
Circunferencia normal do tronco (m)	6,10

Táboa 33: Localización e principais datos dendrométricos do Carballo de Rendar.

6.8.- Sofreiro de Froxán



84

Figura 60: Sofreiro de Froxán (1).

Estamos ante unha sobreira de extraordinaria morfoloxía, pois a súa base ten un perímetro de máis de catro metros e medio, mantendo esta dimensión ata a cruz, situada a máis de tres metros de altura. Medra sobre laxes na beira da estrada. As ramas a maior altura teñen as puntas secas. Na base do exemplar medran xilbardeiras (*Ruscus aculeatus*), cabriñas (*Davallia canariensis*) e pequenos pés de cerquiño (*Quercus pyrenaica*). Aínda se lle aproveita o corcho.



Figura 61: Sofreiro de Froxán (2).

Especie	<i>Quercus suber</i>
Lugar	Froxán
Concello	Folgozo do Courel
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T643732;4712101
Altura total (m)	13,10
Circunferencia normal do tronco (m)	4,64

Táboa 34: Localización e principais datos dendrométricos do Sofreiro de Froxán.

6.9.- Sofreiro de Tralasofoeira



Figura 62: Sofreiro de Tralasofoeira (1).

Existen documentos de compra de castiñeiros nos que se fala da existencia deste exemplar cara o ano 1620, sendo o individuo que dá nome a esta parte da aldea de Castro Portela, Tralasofoeira. De ser certos estes datos, estaríamos ante a sobreira de maior idade das serras de Ancares e Courel. Medra sobre un fuste sen ramificar ata superados os cinco metros de altura, onde saen as ramas, dispostas en distribución radial formando unha copa moi ampla e de grandes dimensións.




Figura 63: Sofreiro de Tralasofoeira (2).

Especie	<i>Quercus suber</i>
Lugar	Castro Portela
Concello	Folgozo do Courel
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T642315;4711100
Altura total (m)	18,00
Circunferencia normal do tronco (m)	3,65

Táboa 35: Localización e principais datos dendrométricos do Sofreiro de Tralasofoeira.

6.10.- Teixo dos Sete Homes



88

Figura 64: Teixo dos Sete Homes (1).

Na zona máis alta da Devesa da Escrita, dominando desde a altura o fermoso bosque que aparece baixo os seus pés, rodeado dunha fermosa vexetación herbácea, medra o coñecido como «Teixo dos Sete Homes». A un metro do chan divídese en tres grandes brazos que medran con gran verticalidade, condicionados pola presenza nas súas proximidades de outras árbores que lle impiden abrir a copa para acadar maior volumetría, desenvolvéndose as ramas nun perfil cilíndrico, adaptándose ao espazo que deixan libre os seus veciños máis próximos. Mostra algunhas podremias na copa pero, en xeral, ten un aspecto moi saudable.

Especie	<i>Taxus baccata</i>
Lugar	Devesa da Escrita, Paderne
Concello	Folgozo do Courel
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T647312;4723078
Altura total (m)	14,50
Circunferencia normal do tronco (m)	4,50

Táboa 36: Localización e principais datos dendrométricos do Teixo dos Sete Homes.



Figura 65: Teixo dos Sete Homes (2).

6.11.- Teixo da ermida de Vilarbacú



90

Figura 66: Teixo da ermida de Vilarbacú (1).

Exemplar completamente oco que medra sobre un valado, polo que a medida do seu perímetro é aproximada, pero sen dúbida é un dos exemplares de maior perímetro normal de Galicia, senón o maior. No tronco ten algunhas pequenas ramas secas e abundante flora epífita, entre a que destacan os polipodios (*Polypodium vulgare*) e os couselos (*Umbilicus rupestris*). Medra inclinado sobre un rego de auga e sobre un pequeno muro de lousas.



Figura 67: Teixo da ermida de Vilarbacú (2).

Especie	<i>Taxus baccata</i>
Lugar	Ermida de Vilarbacú
Concello	Quiroga
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T653795;4714231
Altura total (m)	9,30
Circunferencia normal do tronco (m)	9,05

Táboa 37: Localización e principais datos dendrométricos do Teixo da ermida de Vilarbacú.

6.12.- Pradairo do Bosque de Cabanavella



92

Figura 68: Pradairo do Bosque de Cabanavella (1).

Espectacular exemplar de pradairo que medra nun gran noiro baixo o camiño principal que atravesa o bosque. Atópase rodeado de acivros e capudres e a carón dun gran carballo con forma de columna tras a perda da copa polo impacto dun raio. A árbore érguese vertical destacando na súa contorna, aínda que resulta complicado achegarse á súa base pola gran cantidade de silvas e acivros que a rodean e pola forte inclinación do terreo. Baixo o seu tronco hai un pequeno nacente de auga.



Figura 69: Pradairo do Bosque de Cabanavella (2).

Especie	<i>Acer pseudoplatanus</i>
Lugar	Bosque de Cabanavella
Concello	Cervantes
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T671962;4742340
Altura total (m)	12,20
Circunferencia normal do tronco (m)	4,65

Táboa 38: Localización e principais datos dendrométricos do Pradairo do Bosque de Cabanavella.

6.13.- Acivos de Cabnavella

94



Figura 70: Acivos de Cabnavella (1).



Figura 71: Acivos de Cabnavella (2).



Figura 72: Acivos de Cabnavella (3).

Excepcional formación de acivros con alturas superiores a 12 metros en moitos casos. A maior parte dos exemplares teñen varios troncos, destacando os individuos dos que se aportan datos dendrométricos. Medran entrelazando as súas copas e troncos, ata impedir que a luz chegue ao chan, motivo polo que apenas hai plantas acompañantes baixo as súas copas.



Figura 73: Acivros de Cabanavella (4).

Especie	<i>Ilex aquifolium</i>
Lugar	Bosque de Cabanavella
Concello	Cervantes
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T672836;4740557
Altura total (m)	A: 12,10; B: 12,70; C: 9,10
Circunferencia normal do tronco (m)	A: 1,30; 1,31; 1,70; 1,91 e 1,50; B: 2,37; C: 2,28

Táboa 39: Localización e principais datos dendrométricos dos Acivros de Cabanavella.

6.14.- Carba de Cabanavella



96

Figura 74: Carba de Cabanavella (1).

Atopámonos ante unha carba de grandes dimensións que supera os 20 metros de altura, coa base do fuste moi engrosada e rodeada de contrafortes que lle dan estabilidade. A parte baixa do tronco está fendida pola metade e percorrida por unha gran greta que acada gran altura. Medra dereito e sen ramas ata superados os catro metros de altura, onde comezan as ramificacións. Sitúase no medio dunha formación de acivros e capudres, o que dificulta a súa observación.



Figura 75: Carba de Cabanavella (2).

Especie	<i>Quercus petraea</i>
Lugar	Bosque de Cabanavella
Concello	Cervantes
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T672836;4740556
Altura total (m)	20,10
Circunferencia normal do tronco (m)	4,30

Táboa 40: Localización e principais datos dendrométricos da Carba de Cabanavella.

6.15.- Carballo do Avesedo de Donís



Figura 76: Carballo do Avesedo de Donís (1).

Trátase dun exemplar de gran fermosura. O seu tronco é esvelto e aínda que ten pequenas ramas na zona baixa do fuste non é ata case seis metros de altura cando atopamos as primeiras ramificacións. Desde este punto comézase a formar a copa, alcanzando grandes proporcións volumétricas e moita elevación. O seu estado sanitario é bo e non posúe síntomas de decaemento. A gran espesura arbórea que o rodea non permite admirar a grandiosidade e as dimensións deste marabilloso exemplar ata que nos atopamos ao pé do seu tronco.



Figura 77: Carballo do Avesedo de Donís (2).

Especie	<i>Quercus robur</i>
Lugar	Avesedo de Donís
Concello	Cervantes
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T672697;4743778
Altura total (m)	18,10
Circunferencia normal do tronco (m)	5,80

Táboa 41: Localización e principais datos dendrométricos do Carballo do Avesedo de Donís.

6.16.- Capudre do Bosque de Cabanavella



Figura 78: Capudre do Bosque de Cabanavella (1).

Árbore que destaca polas súas dimensións, nada habituais nesta especie. Divídese desde a base en cinco fustes de distinto tamaño. O central, de maiores dimensións, medra con gran verticalidade e atópase oco e con partes secas; os restantes vanse inclinando e abrindo a copa, que é globosa e de grandes dimensións. Está cuberto de liques e brións, e a base está rodeada de arandeiras.



Figura 79: Capudre do Bosque de Cabanavella (1).

Especie	<i>Sorbus aucuparia</i>
Lugar	Bosque de Cabanavella
Concello	Cervantes
Coordenadas UTM (X, Y; ETRS89 fuso 29)	29T672517;4740636
Altura total (m)	8,30
Circunferencia normal do tronco (m)	1,35; 0,60; 0,7; 0,42 e 0,43

Táboa 42: Localización e principais datos dendrométricos do Capudre do Bosque de Cabanavella

7. Agradecementos

